

## **ACTOS DO 200º ANIVERSARIO DA BATALLA DA PONTE DO BURGO-ELVIÑA.**

Dende hai dez anos a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo e a Asociación Histórico Cultural "The Royal Green Jackets" da Coruña, veñen celebrando a Recreación dos sucesos acontecidos na Ponte do Burgo con motivo da batalla de O Burgo-Elviña, acontecida hai exactamente 200 anos, o 16 de xaneiro de 1809, entre as tropas inglesas e españolas comandadas por sir John Moore e as tropas francesas que comandaba o mariscal Soult.

Este ano, con motivo da celebración do bicentenario da Batalla os organizadores queren darlle unha especial relevancia aos mesmos, coa participación dun maior número de figurantes e grupos participantes.

Os actos celebraranse o vindeiro domingo 18 de xaneiro, a partir das 12.30 h, xunto á ponte vella do Burgo, co seguinte Programa:

-Ás 12.30 h, concerto da Banda de Música de Negreira, que interpretará música da época.

-Ás 13.00 h, inaugurarase polo concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo, Celestino Poza, e o presidente da Asociación "The Royal Green Jackets", Manuel Arenas, unha placa conmemorativa e realizarase unha ofrenda aos caídos nesta batalla.

-Ás 13.30 horas comezará a Recreación da batalla do Burgo-Elviña e a réplica da voadura da ponte, que tivo lugar polas forzas inglesas que se replegaban cara A Coruña.

Na citada Recreación participarán os seguintes grupos:

- Asociación Histórico Cultural "The Royal Green Jackets" (A Coruña)
- Asociación Regimiento de Milicias Provincial de Oviedo
- Asociación Alarmas Galegas (Betanzos)
- Asociación Histórico Cultural "2 de Mayo" (Mostoles)
- Asociación Peninsular "War" (Gran Bretaña)
- Asociación Voluntarios da Victoria (Ferrol)
- Asociación "Cazadores de Olivenza" (León)
- Asociación Histórico Cultural "La Grande Armee de España"
- Asociación Histórica Voluntarios de León (Astorga).
- Asociación Histórica "Tiradores de Castilla" (Salamanca)
- Asociación Napoleónica Portuguesa.
- Asociación Musical Napoleónica (Madrid)

### **Contexto histórico do acto:**

Un dos episodios militares acontecidos durante a Guerra da Independencia, contra da invasión por parte dos exércitos de Napoleón de España, desenvolverase no mes de xaneiro de 1809 especialmente nos concellos de Culleredo e A Coruña.

O exército británico, comandado por sir John Moore, procedente de Betanzos, instálase no Portádego (Culleredo) o día 11 de xaneiro de 1809, con varias divisións, dirixíndose despois a A Coruña, quedando a división do xeneral Paget encargada de cortar a ponte do Burgo. O día 12, a vangarda francesa desprégase no Temple, producíndose un tiroteo cos soldados de Paget.

Sobre a voadura da ponte do Burgo hai varias versións. Segundo unha, a ponte foi voada con normalidade, e cando os ingleses tentaba derrubar outra un pouco máis arriba o oficial de enxeñeiros que supervisaba a operación perdeu a vida pola explosión dunha mina. Sen embargo, Soult comentaría que o enxeñeiro inglés sacrificou por decisión propia a súa vida pero para voar a ponte do Burgo, e non a outra.

En carta que envía o mariscal Soult ao xeneral Berthier, datada no Burgo o 14 de xaneiro de 1809, infórmalle que expulsara aos ingleses do Burgo, e que encontraran un arco enteiro voado por unha explosión; ademais, dous piares próximos estaban moi danados, circunstancia que esixiría moito tempo para seren reparados.

Dado que non existía, nese momento, ningunha outra vía transitábel para a artillería, Soult viuse na obriga de reconstruír a ponte do Burgo, para o que estaba escaso de materiais. Grazas aos esforzos do xeneral Garbé, xefe da enxeñería francesa, a ponte quedou arranxada o día 14 pola tarde, e o 15 pola mañá Soult ordenou o avance cara Coruña das tres divisións do 2º Corpo do Exército que mandaba, asentándose as unidades francesas fundamentalmente na parroquia de Vilaboa e en Palavea, tendo tamén forzas despregadas en Perillo; pola súa parte, os ingleses ocupaban a zona de Elviña cara a Ría do Burgo.

O día 16 de xaneiro de 1809 desenvólvese a coñecida batalla de Elviña. Logo da batalla, na que resultará ferido de gravidade sir John Moore, que falecerá pouco despois nunha casa na Coruña, o exército inglés consegue o obxectivo polo que chegara á Coruña, embarcarse. A cidade réndese o día 19 e o mariscal Soult entra nela o día 20.

Culleredo, 9 de xaneiro de 2009  
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez